

# FUXIDOS NA FRAGA: EPISODIOS DA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA NAS TERRAS DO EUME

**Carmen Otero Roberes  
Juan Sobrino Ceballos  
Manuel Domínguez Ferro**

*"Transmitiremos os libros ós nosos fillos, oralmente,  
e deixaremos que os nosos fillos esperen, á súa vez.  
Deste modo se perderá moito, dende logo,  
pero non se pode obrigar á xente a que escoite.  
Ó seu debido tempo, deberá acudir, preguntándose que ocorreu  
e por que o mundo estopou baixo eles."  
Ray Bradbury, Fahrenheit 451*

## AS ORIXES DO MOVEMENTO GUERRILLEIRO

Despois da sublevación do 36, grupos de resistentes e simpatizantes do goberno republicano agocháronse nas casas -tobeiras- ou ben buscaron refuxio nos montes e deron forma así ás primeiras partidas que van loitar contra as autoridades do novo réxime. Namentres no resto do territorio nacional se agudizaba a contenda civil, na Galicia aparentemente pacificada préndese unha larvada guerra sen fronte nin exércitos. Se ben temos que esperar ata os primeiros anos da década dos 40 para atopármonos cun movemento guerrilleiro totalmente organizado, a súa longa duración no tempo -o último guerrilleiro, "o Piloto", morre no ano 1965 no encoro de Belesar; "Pancho" seguiu loitando na comarca de Ferrol ata finais de 1954- fálanos da importancia, aínda no suficientemente valorada, que adquiriu en Galicia a guerrilla antifranquista.

Durante os primeiros momentos da guerra, os homes que fuxiran ó monte -"escapados" ou "fuxidos", como se lles foi coñecendo- tenderon a aglutinarse en pequenas partidas, carentes de organización e disciplina e cuns membros de moi diversa adscrición ideolóxica: republicanos, socialistas, galeguistas, algúns comunistas. Ó principio, a súa actitude foi de resistencia pasiva, na esperanza de que a pronta victoria das forzas republicanas lles permitiría retornar ás súas casas. Eran grupos de escasa mobilidade e limitaron as súas accións a pequenos golpes de efecto, sendo o súa unha loita pola simple supervivencia. A falta de armamento e de apoio por parte do goberno da República -a pesar de que, durante a guerra, o P.C.E. e a C.N.T. tentaran converte-las partidas nun instrumento de loita na retagarda do exército franquista- e a escasa formación militar, explica a pouca combatividade destas primeiras partidas. Pero nesta mesma debilidade atopaban estes gru-

pos as mínimas garantías de supervivencia. Contaban, en moitos casos, coa complicidade e axuda de parentes ou veciños, o cal lles permitiu nun principio manterse no monte sen ter que recorrer ós golpes económicos: "*a poboación campesina activa ou pasivamente axudou á guerrilla moito máis do que nos pode facer pensar certa imaxe medorenta que hai do noso mundo rural*".

A iniciativa nestes momentos correspondeulle ás forzas policiais e ás milicias de Falanxe, que se dedicaron á depuración dos roxos e de calquera outro sospeitoso de colaborar coas autoridades republicanas. A rápida divulgación de listas de sospeitosos levaron a moitos -os que puideron evita-lo cárcere- á clandestinidade. Esta non sempre supuña unha fuga inmediata ó monte, nin menos unha ruptura co ámbito familiar ou local. Nun primeiro momento, buscaban refuxio nas casas de parentes ou amigos. Este apoio é fundamental para entender a persistencia do fenómeno guerrilleiro. A "*guerrilla del llano*" -nome que se lle deu a aqueles, moitos deles mulleres ou vellos, que, dende a legalidade, abastecían ós do monte, facían de enlaces e daban refuxio nas súas casas- foi o auténtico nervio dos fuxidos primeiro e da guerrilla despois, de tal xeito que só coa desarticulación destas redes de apoio conseguirán as autoridades acabar coa guerrilla.

Na provincia da Coruña, tralos primeiros momentos do levantamento, iníciase unha forte represión. A comarca de Ferrol, cunha numerosa poboación industrial e unha forte militancia de esquerdas, vai verse especialmente castigada<sup>2</sup>. En concellos como o de Cabanas moitos homes tiveron que botarse ó monte<sup>3</sup>. Os mozos de Regoela movíanse entre o monte, onde pasaban a noite para evita-los *paseos*, e a aldea, a onde baixaban polo día para axudara familia nas leiras<sup>4</sup>.

En terras do Eume, algúns fuxidos permaneceron illados durante un certo tempo. Ocultáronse nos refuxios da fraga, como Álvaro Antón "*o coxo de Cabanas*", alcalde de Cabanas coa Fronte Popular, que estivo agochado nunha choza en San Pedro de Eume, no lugar de Couce. Outros fóronse agrupando, como os que tiñan o campamento en Sanguineo (Monfero), preto do encoro. Entre estes estaban Rodrigo Lourido Cortizas "*o grande*", de Grandal (Doroña-Vilarmaior); Ramiro Paz Romeu "*Ramiro pequeno*", de Cerdeiras (Soaserra-Cabanas) desertor do exército; Juan Anca Arnosó "*Juan do Campo*"; Ramiro Rodríguez Martínez "*Ramiro grande*", estes dous de Xabaríz (Cabanas); e Eduardo Prieto Alvariño "*Eduardo de Coira*" "*o Listo*", de Coira

---

1. FREIXANES, V. F. (ed.), "*O Fresco. Memoria dun fuxido. 1936*", Vigo, 1979.

2. A cifra de vítimas diverxe segundo os autores: Bernardo Máiz apunta unhas 2000, Xosé M. Suárez calcula ó redor de 600. MÁIZ, B., *Galicia na IIª República e baixo o Franquismo*, Vigo, 1988. SUÁREZ MARTÍNEZ, X. M., *O alzamento do 36 no norte de A Coruña*, Sada-A Coruña, 1995.

3. Algúns deles, como Amador Barcia/Xicos, Manuel Rodríguez Pérez "*Galán*" e Juan Ares López "*Pallares*" participaron no intento de dete-las tropas sublevadas que, o día 21 de xullo, avanzaron dende Ferrol co obxectivo de toma-la vila de Pontedeume.

4. É o caso de Baltasar López Ardao e os irmáns Pereira López e Bouza Pereira. No 36, un falanxista da zona chamado García denunciounos. Arturo e Xoán Pereira, e Xesús, Xosé, Xoán e Vicente Bouza foron fusilados no cemiterio de Sillobre (Fene). A Constantino Bouza matárono tres anos despois, por unha delación doutro colaborador do réxime, Andrés Arnosó, antigo alcalde frontepopulista de A Capela. HEINE, HARTMUT, *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, 1980. MÁIZ, B., *op. cit.*

(Monfero). Pero o primeiro dos grupos que operou na zona dotado dunha certa organización foi o liderado por José Vázquez Mauriz "*Patitas*", comunista de Mugarodos, e Ramiro Martínez López "*Zapateiro*", que fora concelleiro de Cabanas; en torno a estes movíanse homes como Manuel Piñeiro Antón "*Manolo do Menor*" e Ramiro Carbón Fornos "*Lagoa*", de Soaserra (Cabanas); Manuel e Evaristo Eive Vilar, Eugenio e Antonio Vilar Pereira, Manuel Vilar Pazos, Jesús López Ardao "*Someiro*"<sup>5</sup>, Amador Barcia "*Xicos*" -todos estes de Regoela-, Ramón Fraga Couceiro "*Parara*", de Centroña (Pontedeume); Manuel Rodríguez Pérez "*Galán*", de Porcar (Cabanas) e Juan Ares López "*Pallares*", de Nogueirosa (Pontedeume).

Ós perseguidos pola súa militancia política –especialmente os de Regoela- sumáronse aqueles que, sen unha clara concienciación política, temían as represalias dos vencedores ou preferían eludir o servizo militar.

*"Os de Regoela eran políticos. A maioría dos fuxidos xoves marcháronse ó monte por non face-lo servizo militar."*

P.

Os fuxidos mantiñan un contacto estreito e regular coas bases de apoio con que contaban nos pobos de Eiríns, Regoela, Cerdeiras, Porcar ou Xabaríz. A ampla rede de enlaces e os refuxios de que dispuxeron nestes núcleos resultaron vitais para a súa continuidade.

A actividade dos grupos vai ser moi reducida ata os anos finais da guerra, a excepción quizais do Grupo Neira -a partida que máis sona adquiriu durante esta época-, que actuaba nunha zona que se estendía dende Viveiro ata As Pontes. O armamento era precario; parte das armas e munições que empregaba a partida de "*Zapateiro*" saíu da fábrica de armas da Coruña. A Garda Civil mantivo nos primeiros momentos una certa actitude de non belixerancia nestas áreas onde a poboación manifestaba un claro apoio ós fuxidos, e non actuaba máis que cando era inevitable. Feito ó que non debe ser alleo a insuficiencia de medios e a dispersión dos seus efectivos. Á marxe dos acuartelamentos da Coruña e Ferrol, existían postos fixos nas Pontes, Pontedeume, Miño, Irixoa e Betanzos –cunhas dotacións de 15 números aproximadamente-; noutros lugares, como Montesalgueiro (Aranga), As Neves, Ponte da Pedra e Alto Xestoso (Monfero), só dispuña de casas alugadas (foto 1), onde estaban acuartelados destacamentos de cinco ou seis homes ó mando dun cabo. Todo o cal podería explicar que na provincia da Coruña tan só se resisten dúas baixas nas súas filas ata 1944<sup>6</sup>.

## A caída de Santiago

Maila a aparente pasividade, foron sucedéndose as primeiras batidas na zona do Eume. En torno a 1940 o médico da Mercé, Francisco Cebreiro "*Paco da Mercé*" –o que fora alcalde de Neda

5. Irmán de Baltasar, fusilado en 1936

6. HEINE, H., *op. cit.*



Cuartelillo da Garda Civil en Vilarón, As Neves, Capela.

e que era coñecido como o "médico dos pobres"-, presentoulles ós fuxidos de Sanguñedo, por mediación do enlace Eduardo Prieto Alvariño "*Eduardo de Coira*", a un home chamado Hilario, que afirmaba simpatizar con aqueles e que caera baixo as sospeitas da Garda Civil. Foi admitido no grupo e, mentres compartía a vida dos fuxidos, informaba puntualmente á Garda Civil<sup>7</sup>. En setembro de 1940, decatado de que algún dos fuxidos tiña pensado abandona-lo país, decidiu-lo golpe. O día 27 acabou coas vidas de Álvaro Antón e de Eduardo Prieto. Levou despois as forzas da Garda Civil ata o campamento que tiñan os fuxidos preto de Sanguñedo, onde foron abatidos Ramiro Paz "*Ramiro Pequeno*" e Rodrigo Lourido "*o Grande*"; outros dous, Juan Anca "*Juan do Campo*" e Ramiro Rodríguez "*Ramiro Grande*", lograron escapar.

*"Os fuxidos de Sanguñedo, antes de vir para a fraga, estiveron agochados nunha tobeira, no lugar do Pontigo, preto do camiño que lle chaman O Pisón o de Aquelado (...) Estaba todo rodeado de lañada, na parte de atrás abríase unha fiestra, case tódolos días mudaban a parte de adiante para que non recoñecesen o sitio. Na cova que logo fixeron na fraga non faltaba ren, incluso había unha cocina chantada no terreo, a cheminea corría ó longo, pegada ó chan; traíanlles a*

7. HEINE, H., *op. cit.*

*comida pola noite, de maneira que non tiñan que roubar nas casas; tamén recibí - an cartas da familia, probablemente dende A Capela".*

*"Vestían moi ben, ás veces foran vistos na festa da Cela e mentres os máis novos bailaban, os outros, Lourido e Evaristo, estaban de garda, vixiando os movemen - tos da Garda Civil, porque sempre había unha o dúas parellas, pero nunca pasou nada".*

*"Tanto na tobeira como despois, na caseta da fraga, os fuxidos recibían xente. Tiveron amizade cun de Sanguñedo, G. A., na súa casa facían ceas; nunha oca - sión a Garda Civil levouno preso e botou na cadea dous anos. Os fuxidos facían probas de tiro os domingos na zona do Regueiral. Foi o infiltrado quen os con - venceu de que deixaran a tobeira e se trasladasen á fraga, xa que no Pontigo era imposible cazalos. Viviron deste xeito varios anos; por alí non asomaba nin a Garda Civil nin os falanxistas. Estes homes eran: Evaristo (Eive), Lourido, home grande e forte, outro que fuxira ó monte con el, a quen chamaban Ramiro Pequeno, pois había outro Ramiro a quen alcumaban o Grande; ademais estaba un tal Juan de Regoela (Juan Anca) e, por último, Eduardo de Monfero (Eduardo Prieto "o Listo"), que servía de enlace con outras partidas próximas".*

*"Foi Evaristo o primeiro que desconfiou do infiltrado. Evaristo e os seus irmáns xa tiñan os papeis para colle-lo barco e liscar cara ó estranxeiro, só esperaban o aviso dos enlaces. A traxedia produciuse cando o infiltrado convenceu a Eduardo para ir ata Xestoso (O Val). Xa tiña daquela a trampa preparada, e a Garda Civil estábaos agardando no cruceiro. Pouco antes de chegar, o infiltrado, que marcha - ba detrás de Eduardo, quitoulle a este a pistola e descerraxoulle varios tiros nas costas. A Garda Civil púxose en camiño ata Sanguñedo, eran polo menos un cento de homes (sic). Na cabana, os catro guerrilleiros que alí estaban, durmían tran - quilamente. A noite era tranquila; nun intre o lugar quedou rodeado pola Garda Civil, que comezaron a pegar tiros e a tirar bombas de man. O primeiro en saír foi Lourido, ó que, espido, so lle deu tempo a coller un fusil e a tirar con el a escuri - dade; os gardas estaban parapetados detrás dos cómaros e malamente podíalles albiscar. Non tardou en caer polos disparos e, sobre todo, polo impacto dunha bomba de man que lle botaron de cheo na costas. Ramiro pequeno saíu detrás de Lourido, pero nin lle deu tempo a coller un arma e, ó toparse con tanto garda civil, levantou as mans para renderse, pero fixéronlle unha descarga que lle deu de cheo. Dixéronme que caeu ó sétimo disparo. Caeu sobre unha lumieira de facer carbón. Conta a xente que quedou a marca do cadáver na herba e a zona secou durante moitos meses (sic)".*

*"Juan do Campo e Ramiro Grande fuxiron pola fiestra cara a fraga, ían espidos e tiráronse entre os pinos e os toxos. Os que disparaban arreo non lles fixeron nin*

*un raspuño, gracias ó tupido da vexetación e a que empezou a chover. A Garda Civil levantou o cerco e marchou para Xestoso, deixando os cadáveres no chan. Alí quedaron baixo a chuvia dous días ata que volveron con varios veciños dos arredores, cargaron ós mortos nun carro e leváronnos ó cemiterio de Monfero".*

*"Onde hoxe está a presa do Eume escondíase outro fuxido alcumado "o coxo de Cabanas" (Álvaro Antón); este andaba só, pero seguramente tiña contactos cos de Sanguñedo e outras partidas. Juan e Ramiro chegaron a este lugar cruzando a nado o río para procurarse roupas e comida, pero cando chegaron xa mataran o Coxo. O último que souben de Juan e Ramiro foi que ó primeiro axudouno o cura da Capela e non lle fixeron nada Casou cunha muller da comarca e con ela marchou para Francia. Días despois da masacre volveron a Sanguñedo Evaristo e os seus irmáns -fallara a última hora a saída do barco- e ó atoparse co espectáculo da morte dos seus compañeiros, decatáronse de que aquel xa non era lugar seguro. Antes de marchar, Evaristo chamoume e quixome dar un libro gordo que tiña na mochila, segundo el para que un día comprendese o que estaba a pasar neses tempos no país, pero eu negueime a collelo pois tiña medo a todo, el, ó comprender, e sen dicir máis marchouse pola fraga e nunca máis souben de el".*

T.

Outro informante relata os feitos posteriores á caída:

*"Despois do de Sanguñedo, Ramiro (Ramiro Martínez) e mais Juan (Juan Anca Arnoso) -os dous eran veciños- agocháronse nunha cabana que fixeran nos Peñascos de Redondo, preto de Xabaríz. Ramiro baixaba moitas noites a cear e incluso a durmir na súa casa. Alí foi onde se atopou cun home que se facía pasar por pobre, pero en realidade era un infiltrado da Garda Civil, que máis tarde pasou información que serviu para preparar a trampa na que caeu Ramiro. Un día -daquela era eu moi novo- estaba eu coas ovellas cando de súpeto échese aquilo de gardas civís. Mandáronos alzar os brazos, pero a min diréronme que os baixara, que comigo non ía nada. De todas formas, leváronme tamén para o cuarteliño que tiñan nas Neves. Ó chegar, soltáronme, pero Ramiro ficou nela. Matárono pola noite. O cadáver apareceu no Carballón. Veu un capitán da Garda Civil chamado Suances a firmar a súa morte. Ramiro tiña daquela máis ou menos vintecinco anos, era un home forte. Fuxira por non ir á guerra. Juan escapou.*

B.

*"(Ramiro Martínez) levaba dous anos cos de Sanguñedo. Matárono pola noite, fixeron del o que quixeron. Arrancáronlle as unllas das mans e matárono a paos. Despois dixeron que o liquidaran porque intentou escapar por unha ventá. Mentira, matárono porque eran uns asasinios".*

D.

REGISTRO CIVIL DE CABANAS

Parroquia de Soasema



5

Núm. 22-17

NOMBRE Y APELLIDOS

Ramiro /  
Martínez  
Rodríguez

En CABANAS, provincia de La Coruña, a las veinte  
ocho y veinte minutos del día veinte  
uno de Junio de mil  
novecientos cuarenta y dos.

Ante D. Juan López Nolla, Juez  
municipal Suspenso y D. Felipe Rodríguez Samos  
Secretario, se procede a

inscribir la defunción de D. Ramiro Martínez Rodri-  
guez nacido en Soasema  
término de Soasema

el día veinte y seis de Mayo de 1916  
de veinte y seis años de edad, natural  
de Soasema, provincia de La Coruña,

hijo legítimo de D. Juan Antonio Martínez  
López y de D. Manuela Rodríguez  
López domiciliado en el lugar de Faba-  
ris de dicho Soasema

número ---, piso ---, de profesión salvador  
y de estado soltero.

falleció en el monte  
el día --- de agosto a  
las tres y treinta minutos,  
a consecuencia de disparo de arma de fuego

Acta de defunción de Ramiro Martínez.

Algúns datos dispersos permítenos achegarnos á figura do infiltrado:

*"(Hilario) naceu en Cece (Labrada-Guitiriz). O pai foi practicante en Neda. Ó remata-la guerra sei que andou na lexión. Despois do de Sanguñedo aínda botou uns meses polas Neves. Sempre andaba acompañado pola Garda Civil. Ó final marchouse porque o intentaron matar varias veces os fuxidos, unha vez, no coche de liña. Uns anos despois, montou un bar en Lugo, pero alí tamén o detectou a guerrilla, e finalmente emigrou a Arxentina, anque volvíno a ver despois de todo aquilo varias veces por aquí. Alí o veu Juan (Juan do Campo) cando este era policía municipal".*

R.P.T.

*"Durante a guerra chegou a sarxento cos republicanos. Logo desertou e andou escondido pola zona. Un día foi descuberto polos gardas civís e, ó intentar fuxir, pegáronlle un tiro, a consecuencia do cal perdeu un dedo. Chegou a un acordo con aqueles para entregar ós seus compañeiros, obtendo como recompensa o ingreso na Garda Civil.. Mais tarde foi destinado a Vigo. Marchou a Portugal e alí colleu un barco con destino a Sudamérica. Volveu por vez primeira en 1974 para lo marchar de novo. Finalmente estableceuse en Lugo.*

R.E.

## APARICIÓN DA IV AGRUPACIÓN

Rematada a guerra e quebradas as esperanzas postas no triunfo da causa republicana, xorden iniciativas, fundamentalmente por parte dos comunistas, para dotar á guerrilla dunhas certas estruturas organizativas. En Galicia, os primeiros esforzos déronse na banda oriental de Ourense coa creación, en 1942, da Federación de Guerrillas de Galicia-León.

No noroeste de Galicia as tentativas concretáronse en 1944. Ese ano, nunha reunión celebrada en Abegondo, tomou corpo o Exército Guerrilleiro de Galicia. Presidiuna Manuel Castro Rodríguez, delegado da Internacional Comunista na Unión Nacional Española –plataforma anti-franquista creada en Grenoble, no ano 1943-, e nela coincidiron algúns dos que logo se converterán nos máis senlleiros líderes guerrilleiros do norte: Manuel Ponte "*Xastre*", Francisco Rey Balbís "*Moncho*", Marcelino Rodríguez Fernández "*Marrofer*", Adolfo Allegue "*Riqueche*" e Juan Pérez Dopico "*Xan de Xenaro*". A organización dividiuse en cinco agrupacións que pretenderon abarcar toda Galicia. A zona N.W., a de maior peso no seo do Exército, correspondeulle á IV Agrupación, despois coñecida co nome de Agrupación Pasionaria, co que foi moitas veces identificada toda a guerrilla galega, e foi estruturada en partidas ás que se lle asignaron zonas determinadas de actuación. O mestre comunista "*Marrofer*", chegado a Galicia coa caída da fronte de Asturias, asumiu a súa dirección.



Este momento sinala o remate da etapa dos fuxidos, que se viron obrigados a integrarse nas novas partidas, posto que, ademais de incrementarse o acoso por parte das forzas represivas, a guerrilla premia, á súa vez, para que aqueles se integrasen nas partidas organizadas e así evitar que os fuxidos, aillados, puideran poñer en perigo as bases de apoio que se estaban a crear.

As partidas que integraron as diferentes agrupacións terán a súa orixe nos primeiros grupos de fuxidos. Así ocorreu na zona de Ferrol e Pontedeume -quizais a de maior importancia nos primeiros momentos-, co grupo aglutinado ó redor de "*Patitas*" e "*Zapateiro*".

Paradoxalmente non foron nas zonas de mais forte implantación do P.C.E. (N.E. e centro de Lugo) onde xurdiu a IV Agrupación, senón naquelas onde existían núcleos guerrilleiros e nas que o P.C.E. aínda no dispuña dunha forte organización (Ferrol, Pontedeume, Betanzos). Como destaca Heine<sup>8</sup>, non foron as organizacións políticas as que crearon a guerrilla, senón que, a partir desta, os partidos, o P.C.E. fundamentalmente, transformaron ós homes do monte.

A finais de 1945, o P.C.E., coincidindo co labor de reconstrucción que estaba a levar en Galicia, enviou novos cadros que tomaron a dirección do partido: José Gómez Gayoso "*López*" converteuse no secretario xeral do Comité Rexional e Antonio Seoane "*Julián*" asumirá a dirección militar das guerrillas. A substitución da antiga dirección do partido en Galicia -con Víctor García Estanillo á fronte- veu xustificada pola ondada de detencións desatada durante eses anos; tratouse en realidade dunha depuración do sector ligado a Jesús Monzón, a quen se lle responsabilizara do fracasado intento de invasión do val de Arán, en outubro de 1944, derradeiro esforzo bélico da República. Na práctica supuxo un reforzo do P.C.E. no seo do movemento guerrilleiro, anque a súa influencia entre os guerrilleiros aínda non fose predominante.

A nova cúpula guerrilleira, agora fortemente vinculada ó P.C.E., vai tratar de impulsa-la loita armada. As partidas convertéronse en destacamentos fortemente militarizados, con xefes militares e comisarios políticos. Os grupos contaban con cinco ou seis guerrilleiros adscritos a zonas concretas. No ano 1946 eran seis os destacamentos que operaban na provincia. A partida da zona de Pontedeume transformouse no destacamento *Manuel Eive-Ramiro Carbón*, que será dirixido por Francisco Barcía Casanova "*Paco da Casanova*", natural de Regoela e fuxido nese ano, e Vicente Peña Tarrasa "*Pedro Borrás*" como comisario político.

As ilusións que esperta nos combatentes o final da II Guerra Mundial, cos desexos postos nunha intervención aliada en España, e a condena ó réxime que fai a comunidade internacional, veranse frustradas ante as declaracións dos gobernos de Estados Unidos, Inglaterra e Francia, en abril de 1946, nas que afirman a súa intención de non interferir nos asuntos internos do réxime. Tal posición dará máis pulo se cabe ó réxime para incrementa-la loita contra o maquis.

---

8. HEINE, H., op. cit

O mando guerrilleiro desprega entón unha intensa actividade propagandística que tiña como obxectivo dar a coñece-los motivos da súa loita e os esforzos que se estaban a facer para acabar coa dictadura. Papel importante no labor difusor tivo a aparición da prensa guerrilleira: a finais de 1946, coa publicación de *El Guerrillero-Órgano del Ejército Guerrillero de Galicia*, divulganse os obxectivos da loita guerrilleira, rexeitando a acusación, por parte do réxime, de bandoleirismo. Nun principio imprimíase en Madrid, despois pasou á Coruña e a Mugardos, onde a agrupación guerrilleira dispuña dun almacén e unha multicopista, e, finalmente, despois de 1948 e ata o verán de 1951, continuáase a publicación, cunha impresora Minerva, na cova de Xabaríz-Cabanas, que funcionou como base Nº 1 da IV Agrupación.

Ademais de golpes económicos -multas esixidas ós caciques e ós colaboracionistas, máis ocasionalmente roubos-, as accións principais dos grupos guerrilleiros consistiron en ameazas, asaltos, sabotaxes e axustizamentos: xentes da Falanxe –como os xefes locais de Pontedeume, José Rodríguez Rivera "*Pepe el lugués*", que foi tiroteado na súa casa do Barro o 17 de novembro de 1944; de Mugardos, Esteban Cortizas "*El Bailarín*", axustizado por "*Riqueche*" e "*Patitas*" en 1945; de San Mateo de Trascancos, Francisco Balsa Bouza, en 1945-, membros do clero adictos ó novo réxime –o párroco de Taboada, Domingo Antonio Fernández Pérez, en 1947- e autoridades políticas ou militares implicadas na represión foron os obxectivos elixidos.

*"Ó cura de Taboada intentárono matar dúas veces. Á terceira foi a vencida: nos Chaos (entre Taboada e Grandal) lle dispararon ó cabalo e, cando este recuou, había outros guerrilleiros rodeándolle".*

E.E.

*"Vuelto el compañero Galán de reunirse con esa Comisión (Comisión Máxima de Guerrillas, Lugo), vemos que hay entendimiento en lo referido a los sabotajes a hacer contra las centrales hidroeléctricas de la zona... Enviad un camarada experto en detonadores, con tiempo para dar unas explicaciones, aquí andamos con mechas que pueden fallar. Si volamos Capela, Fervenza, Parrote e Guimil dejamos a toda la comarca sin luz y el Arsenal de Ferrol. ¡VIVA A LIBERDADE! ¡VIVA GALICIA CEIBE! ¡MORTE AO FASCISMO!"<sup>10</sup>*

Pero a presión policial incrementouse ó mesmo tempo. A súa eficacia quedou patente coa aparición, en 1943, das contra-partidas, oficialmente coñecidas como Brigadilla de Servicios Especiais da Garda Civil, e que estaban compostas por gardas civís, falanxistas e antigos soldados da División da Azul. No enfrontamento co maquis acadaron un gran éxito empregando os seus métodos. Facíanse pasar por guerrilleiros para levanta-los enlaces, amedrentar ás xentes sospeitosas de axudarlles e procura-la eliminación de aqueles a quen a xustiza non fora capaz de involucrar nas actividades da guerrilla.

9. A noticia aparece recollida en "*El Correo Gallego*" o 1 de novembro de 1948.

10. *Servicio de Información de la Guardia Civil*, Madrid, 1945, citado por MÁIZ, B., *op. cit.*

*"...eran catro ou cinco homes dos nosos vestidos de paisano. Ó cabo que ía ó mando do noso grupo –daquela soíamos ir un total de catro homes- dábanlle un papel no cuartel onde se detallaban os pasos e zonas por onde andaban os da brigadilla. Tamén parábamnos nalgúns casas "dos nosos" e dábannos información da brigadilla; outras veces avisábanos no cuartel que en tal pedra ou árbore do monte X os da brigadilla deixaran papeis con información".*

M.

*"Eu os recoñecín de seguida. Eran gardas civís disfrazados de guerrilleiros. Despois dunha pequena parrafeada, un deles intentou collerme por detrás; entón eu lanceille unha coitelada de costas, salvándolle o correaxe que levaba por embaixo do gabán. O outro cabrón pegoume un tiro no estómago. Despois, leváronme a Pontedeume e, gracias ó médico da vila, trasladáronme a Ferrol, onde se me tratou ben. No xuízo xurei que eu creía que eran guerrilleiros. En fin, a cousa non saíu del todo mal".*

X.

A represión foi a máis con motivo da "folga do aceite" na empresa Construcciones Navales Militares, Bazán, que se iniciou o 29 de xuño de 1946 en Ferrol, polo racionamento de aceite e de azucre. Este mesmo ano o P.C.E. sufriu un duro golpe ó caeren os comités do Partido e da U.N. de Lugo e Ferrol. Pero os caídos víanse suplidos por outros, novos na súa maioría, urbanos en moitos casos, o cal supuxo non só un aumento numérico, cos conseguintes problemas loxísticos, senón tamén un maior predominio dos comunistas e un cambio na táctica, intensificando a combatividade.

Ese verán morre "Marrofer" e unha sección do Santiago Álvarez en Milreo (Fervenzas-Aranga). Nunha reunión celebrada en Lubre no mes de xullo, baixo a presidencia de Gayoso e Seoane, Manuel Ponte accedeu á dirección da IV Agrupación. Os destacamentos foron reconstruídos, asignándolles novos mandos. O destacamento *Arturo Cortizas*, ata entón pertencente a III Agrupación –que fora constituída en 1945, coas partidas que operaban na banda norte e occidental de Lugo-, pasou á IV Agrupación, cunha zona de actuación que ía dende Ortigueira a Ferrol, e Adolfo Allegue "*Riqueche*", carpinteiro da Pallara (Grandal-Vilarmaior), tomou o mando<sup>11</sup>.

O xiro na situación internacional, a raíz da decisión dos aliados de non intervir en España, producirá unha enorme decepción entre os guerrilleiros, sobre todo os veteranos, e un distanciamento co P.C.E. Foron moitos os guerrilleiros na comarca que rexeitaban as liñas políticas que estaba a impoñer o Partido. Comezaba a fraquear o apoio popular e aumentaba a represión por parte do réxime (morte de Ramiro Carbón "*Lagoa*" en Os Corregosos, Vilar de Mouros-A Capela), en febreiro de 1946, de Manuel Eive en agosto dese mesmo ano). Ademais, o temor causado entre o

11. Adolfo Allegue Allegue "*Riqueche*" nacera no ano 1919. Durante a guerra prestou servizo militar na fronte de Asturias. Alí pasouse ó bando republicano. Rematada a contenda, foi internado en varios campos de concentración. Volveu a casa e dedicouse ó oficio de carpinteiro. Poida que xa nesta época fixera tarefas de enlace para a guerrilla. En 1946 ingresou no P.C.E.. Despois dunha tempada preso no Castelo de San Felipe, volveu a casa. Ante o risco de ser de novo capturado, decidiu botarse ó monte.

pobo pola violencia despregada polo maquis e os métodos que empregaban as contrapartidas para desestabiliza-las bases que os protexían afondaron o escepticismo entre os guerrilleiros. As desercións multiplicáronse: Xesús López Ardao "*Someiro*", en 1946, Ramiro Martínez "*Zapateiro*", en xaneiro de 1947 –despois volveu ó monte, acabou tolo e foi detido finalmente en 1951-, Juan Ares López/Pallares en maio de 1949. Caso aparte é o de Ramón Fraga Couceiro "*Parara*", cuías actividades delictivas motivaron a súa eliminación pola propia guerrilla no monte Marraxón (Sillobre), no inverno de 1946.

A finais do ano 1946, na noite do 12 ó 13 de decembro, vintedous guerrilleiros de Ferrol e Pontedeume saíron en barco dende O Vicedo con dirección a Francia. Antonio Paleo Saavedra, un anarquista que actuaba de enlace entre o grupo Neira e o do Eume, foi o encargado da operación. O mando guerrilleiro en ningún momento estivo ó tanto da mesma. Entre os guerrilleiros da zona do Eume que se embarcaron figuraban Manuel Piñeiro Antón "*Manolo do Menor*", Evaristo Eive, Eugenio e Antonio Vilar Pereira, Amador Barcia Fernández "*Xicos*", Manuel Vilar e Manuel Rodríguez Pérez "*Galán*". A defección de aqueles que levaban tempo na loita foi un golpe esmagador para a guerrilla.

## O FINAL DO MOVEMENTO GUERRILLEIRO, O INICIO DO FIN

Dende mediados de 1946 obsérvanse xa os primeiros síntomas da crise no seo das agrupacións guerrilleiras, coas masivas caídas de enlaces, membros do Partido e o desmantelamento de numerosos puntos de apoio. Pero vai ser a morte de Manuel Ponte nunha emboscada na aldea de Fontao (Frades), en abril de 1947, a que sinala o momento crítico na evolución da IV Agrupación. Nunha reunión celebrada en Bergondo, no verán dese mesmo ano, Francisco Rey Balbís "*Moncho*" asumiu o mando da Agrupación. As accións multiplicáronse a partir dese momento<sup>12</sup>.

Daquela producíronse unha serie de importantes caídas provocadas por delacións. Unha levou á detención, o 26 de maio do 47, de Segundo Vilaboy, que servía de enlace entre o Partido e os guerrilleiros da zona do Eume, sendo condenado a morte o 19 de nadal. A finais do ano, foron desmanteladas as organizacións de enlaces de San Sadurniño e Moeche; o párroco deste último lugar foi suspendido baixo sospeita de colaborar coa guerrilla. A destrución de boa parte da rede de enlaces foi, sen dúbida, un dos máis importantes factores na disolución da IV Agrupación. E foi tamén un dos motivos que levou ós destacamentos a cambiar frecuentemente a súa zona de actuación, aumentando así a mobilidade, pero rachando as vinculacións que cada un tiña nas súas zonas.

No ano 1948 o desfeita era total. Na primavera, o mando guerrilleiro convocou nunha xuntanza na Fraga do Eume a delegados de tódalas agrupacións de Galicia para discuti-la posibilidade da disolución da guerrilla, segundo unha disposición do Partido en Francia. A dirección no exi-

12. En abril produciuse o atentado contra o alcalde de Vilarmaior, Antonio Riveira Ponte. En maio foi axustizado o falanxista Evaristo Armoso –irmán do que fora alcalde de A Capela.

lio pasara a asumir-lo control do partido e dos comités rexionais, despois de ser desarticulado o aparello da dirección nacional do P.C.E. no interior.

Por entón, a Brigada de Información da Garda Civil viña preparando unha operación contra o P.C.E., a partir das informacións achegadas polo confidente Pablo Alejo Mora García, ex-tenente do exército republicano que, no ano 1947, despois de obter un indulto, pasou ó servizo da Garda Civil. As súas informacións, obtidas tras unha longa permanencia entre os guerrilleiros, desatarán en 1948 unha ondata de detencións e a caída dos máis importantes cadros do Partido en Galicia: José Gayoso e Antonio Seoane. Juan Pérez Dopico "*Xan de Xenaro*" ordenou entón a súa morte, que foi levada a cabo por Antonio Castro López "*Tocho*" na ponte sobre o Eume, na zona da Palancata, entre Eirís e Soaserra. Estas detencións, que tiveron unha grande resonancia internacional, supuxeron o inicio do fin para a guerrilla.

*"Matárono na fraga de Soaserra. Apareceu nun rueiro. Tiña a gabardina por enci - ma da cabeza. Levárono ó cemiterio de Soaserra, despois dun tempo viñeron uns familiares e levárono para outro sitio".*

X.

Con motivo destas caídas, o liderado de "Moncho" foi cuestionado. Algúns responsabilízano das depuracións de elementos da guerrilla, como Francisco Barcia "*Paco da Casanova*", culpado inxustificadamente da morte de Vilaboy, no 49, José Vázquez "*Patitas*", no 51<sup>13</sup>, ou Juan González Martínez "Perucho", tipógrafo eumés, a quen os guerrilleiros acusaron de traición<sup>14</sup>. O certo foi que, dende unha actitude máis dogmática e leal ás directrices que viñan do exilio, "Moncho" mantivo fortes discrepancias co sector máis transixente da Agrupación ("*Paco da Casanova*", "*Patitas*"). Parte das críticas, sobre todo as que se referían á militarización, recaeu sobre Manuel Fernández Soto "*Coronel Benito*", que se fixo coa dirección do *Exército* e do Comité Rexional tras a morte de Gayoso e Seoane. A adopción do uniforme guerrilleiro, en particular, suscitou receos entre moitos guerrilleiros. O traxe, de cor gris, coas bandeiras republicana e galega superpostas baixo unha estrela vermella, supuxo un paso máis na militarización da guerrilla.

*"Así pasou o que pasou. Empezaron a caeren como coellos. Había moita xente inexperta e nova. ¿Como se podía andar polo monte con uniformes?"*

P.G.

En outubro de 1948, a dirección do partido no exilio, seguindo directrices que proviñan de Moscova, alegando a desmoralización e a persecución constante á que se vían sometidos, decidía potenciar a acción política en troques da loita armada, que quedaría reducida a uns poucos armados. Foi na reunión celebrada en Moscú, ese mesmo ano, entre a dirección do P.C.E. –Dolores

13. González Vidal xustifica a súa execución a mans da guerrilla por un suposto acto de violación cometido polo guerrilleiro. GONZÁLEZ VIDAL, F., Paco Balón: *Memorias de un comunista ferrolano*, Sada-A Coruña, 1999.

14. GONZÁLEZ VIDAL, F., *op. cit.*

Ibárruri, Santiago Carrillo e Francisco Antón- e Stalin, cando se decidiu o cambio da táctica guerrilleira pola de penetración nos sindicatos . Nembargantes, a IV Agrupación mantivo a súa estratexia, acentuándose de feito as accións, proba da desconexión que se estaba a dar entre a guerrilla galega e os órganos de dirección do Partido no exilio<sup>15</sup>. A intensificación da represión que provocou esta reacción impedía, á súa vez, a acción política proposta polo Partido.

Moitas das accións que protagonizan os destacamentos a partir deste momento foron *"pobres en obxectivos e escasas de propaganda, tratándose máis ben de asociacións de bandoleiros-mendicantes da primeira época de escapados, co obxecto de conseguir financiamento e poder paga-las estancias no seus escondites, que dunha loita contra o Réxime"*<sup>16</sup>. Prodúcese accións incontroladas como a levada a cabo polo destacamento Arturo Cortizas o 9 de outubro de 1948, cando o grupo que dirixía *"Riqueche"* asaltou a farmacia de O Xestal, no concello de Monfero, e matou ó matrimonio que a rexentaba. El, Manuel M<sup>a</sup> Doval Varela, era un coñecido falanxista na zona. A súa muller chamábase Amelia Antonia Abeledo Cortizas. A traxedia é lembrada por unha testemuña:

*"Poucos días antes de S. Roque, preto da ponte do Xestal, tres guerrilleiros colle ron a un paisano de Irixoa, que ía ó muíño, e obrigáronlle a ir con eles ata a farmacia co fin de non levantar sospeitas. Ó chegar atopáronse con M.D. e M.A.; esta última tiña no colo á filla de seis meses de Amelia, a farmacéutica. Pouco despois aparece o marido de Amelia. Traballaba no concello e, nos ratos libres, botáballe unha man a súa muller no despacho da farmacia. Era moi afeccionado á caza é, precisamente, nese momento andaba a preparar as cousas para saír de batida ó día seguinte. Neste intre é como o sorprenden os fuxidos cando entran no local. Ó velo, un deles comenta:*

*-¡aí está o famoso ferrolán!-, e sen dicir nada máis lle pegan un tiro. O pai de S. é obrigado a subir cos membros da partida ó piso superior, na procura de armas e diñeiro, pero non atopan nada. Despois, arrastran a Amelia arriba para proseguir coa busca.*

*-¿Por qué te casaches con este home?, xa te dixeramos quen era. ¿E os cartos, e as pistolas- lle increpan -Non o sei- resposta ela".*

*"Pasa certo tempo e mandan subir a M.D. ó failado, despois volve a baixar e intenta fuxir, coa cría en brazos, polo camiño real que vai cara á Viña. Pero é retida por un dos guerrilleiros que estaba apostado fora e que lle fai volver á farmacia. Ó chegar ve a Amelia sentada no pozo dicindo:*

*-¡hai desgraciados, ¿que fixéchedes?!-. Cando ve a M.D. coa súa filla, pídella, pero os guerrilleiros non lle deixan que a colla. Levan novamente a M.D. ó faia do, que se dá conta de que Amelia queda tirada no chan, pero non lle dá impor-*

15. MÁIZ, B., *op. cit.*

16. LAMELA GARCÍA, V. L., *"Foucellas. El riguroso relato de una lucha antifranquista (1936-1952)"*, Sada, A Coruña, 1992.



Edificio da antiga farmacia de O Xestal (Monfero).

*tancia ó supoñer que a farmacéutica sufrira un desmaio. En realidade, xa estaba morta. Cando todo rematou, os fuxidos marcharon por onde está a fonte nova, en dirección á Graña, pola estrada das Travesas; ían cantando e pegando tiros ó aire. Xa era noite pechada".*

*J. e P.*

Noutra versión dos mesmos feitos:

*"Entraron na farmacia e viron a Manuel. Entón "Riqueche" pediulle algo para un corte que tiña na cara. Ó xirarse para colle-lo medicamento, pegoulle varios tiros".*

*E.E. e P.P.*



Ideal Gallego, 10 de Outubro de 1948.

A actividade non cesou nos meses seguintes. En xaneiro de 1949, "Riqueche" e Francisco Martínez Leira "Pancho" atentan en Mugardos contra o alcalde Manuel Vázquez Fariña "El Pescas" e o falanxista Arsenio Muñiz, morrendo este último. "Pancho" foi un dos membros do Partido que se viu obrigado a incorporarse á guerrilla a principios de 1948 –na compañía de dous amigos de Mugardos: Juan Gallego Abeledo "El Buzo" e Manuel Bastida Blanco "Choni"-, tralas caídas do ano anterior. Natural de Bufarda (Ombre-Pontedeume), será un dos máis activos combatentes da última etapa. En febreiro de 1949 participou no atentado contra un garda civil e na morte

do tenente da Garda Civil José Torres Santiso -comandante do posto de Xubia e un dos oficiais que máis sona acadou na loita contra o maquis-, no que interveu tamén Juan Gallego e "*Riqueche*". En marzo colaborou co grupo de Vicente Peña "*Pedro Borrás*" na devolución dun cargamento de patacas requisadas polo Exército ós veciños de Valdoviño.

A mediados de xullo do 49, despos da morte de Manuel Fernández "*Coronel Benito*" nun encontro coa garda Civil en Remesar-Bóveda, a dirección do PC enviou a Galicia a José Sevil "*Ricardo*" como novo secretario xeral. Traía como misión fundamental reducir a actividade da guerrilla, limitando a súa acción á autodefensa<sup>17</sup>, e potenciar a acción política. Pero o Comité Central descoñecía totalmente a realidade do monte. Sevil chega coa intención de reorganiza-lo pouco que queda. Renovou o Comité Rexional<sup>18</sup>. "*Pancho*" foi nomeado delegado do Comité para o sector de Ferrol. Por outra parte, as habituais tácticas guerrilleiras foron variadas: suprimíanse as sancións e as multas -que moitas veces foron causa da caída de algúns guerrilleiros- e dos axustizamentos. En definitiva, trataríase de converter ós guerrilleiros en militantes comunistas no monte<sup>19</sup>, proxecto que a práctica demostrou ineficaz ó manterse en activo certo número de guerrilleiros. Ademais, a forte vinculación do Partido co movemento guerrilleiro levouno a sufrir as consecuencias da represión policial. Chegado a este punto fórmulanse as razóns de que non se aplicaran as resolucións de outubro de 1948, que emanaban de Stalin, e que pasaban polo desmantelamento da guerrilla. Parte da resposta podería vir das divisións na cúpula do Partido.

A eficacia na represión polas forzas de orde público, coa aplicación xeneralizada da lei de fugas, motivou a decisión, por parte da dirección da IV Agrupación, de construír bases soterradas. Máiz<sup>20</sup> afirma que a construción das mesmas xa ía avanzada no ano 1947. Algunhas construíanse como soterrados nas vivendas ou das cortes, con saídas á estrada. Outras situábanse preto dun río, con saída ó mesmo, como as que existían no Eume. Nunha delas instalouse o refuxio principal da IV Agrupación, probablemente no lugar chamado Inferniño, á beira do regato que dende Xabaríz baixa cara ó Eume. Aquí tiñan os guerrilleiros gardadas unha multicopista, máquinas de escribir e unha emisora portátil. Un informante fálanos dunha cova no lugar coñecido como Regueiro de Folgar, na que se entraba por debaixo dun penedo; el ten visto unha emisora de radio, marca Marconi, candís e liteiras. Conta que ás veces a auga baixaba turbia da terra que botaban os guerrilleiros á corrente cando a fixeron. Fálase doutras covas e refuxios na Fraga da Xesta Molar, no Forgoselo; no lugar de Belenxís, no monte Grande, entre Filgueiras e Cernadas; en Fiunte (Cabalar), cara ós Calzados; en Sanguifeño (Monfero) e tamén no lugar de Cal do Pastor, entre o Castelo da Pluma e Visura (Monfero); e tamén detrás de A Pendella, polo camiño dos franceses, preto da fonte mineral.

---

17. HEINE, H., *op. cit.*

18. incorporou a Melchor Díaz/ *Pepito*, a Francisco Rey "*Moncho*" e a José Blanco "*Ferreirín*".

19. HEINE, H., *op. cit.*

20. MÁIZ, B., *op. cit.*





## A CAÍDA DE PAZOS

O inicio do fin para a IV Agrupación sucede a partir de mediados de 1949, coa desarticulación dos últimos destacamentos que operaban na zona. As caídas e os consellos de guerra prodúcense de xeito dramático. Entre marzo e abril desaparece o destacamento *Eive-Carbón*. En xuño foi desarticulado en Silán-Ourol os restos do destacamento Segundo *Vilaboy*. Pero o golpe máis efectivo levado a cabo pola Garda Civil nestes meses tivo lugar en outubro, preto de Pazos (Monfero), coa caída da partida liderada por "*Riqueche*". Isto supón o golpe definitivo para á IV Agrupación.

Os golpes económicos convertéranse nunha práctica habitual da guerrilla que, a pesar das disposicións en contra que emitira o Partido Comunista, non desapareceu. O 29 de outubro os guerrilleiros do destacamento *Arturo Cortizas* presentáronse nunha casa de Pazos para impoñerlles unha sanción económica ós propietarios. Esta era propiedade de D. Hermenegildo San Juan, que fora alcalde de Monfero. Os guerrilleiros xa estiveran en dúas ocasións na devandita casa. Unha das veces, os nosos informantes recoñeceron a Manuel Gómez Varela "*Fera Brava*" -guerrilleiro de



Lugar de Pazos.

Mugardos, fuxido no 39 a Francia e devolto a España polos alemáns, que ingresou na guerrilla en 1947, despois de saír do cárcere-.

A primeira vez preséntanse oito homes e dúas mulleres. Leváronse cartos, carne, pan, unha escopeta, un sable -que logo aparecera nunha das covas que soían utilizar os fuxidos- e un baúl con roupa. Ó marchar dixéronlles que voltarían e que tivesen preparada certa cantidade de diñeiro. A segunda vez -non apareceron o día convido- leváronse os cartos que atoparon, avisándolles de que tiveran lista a cantidade esixida. Un sábado de finais de outubro aparecen por derradeira vez no casal os homes do destacamento. Eran sete os que o compuñan: Adolfo Allegue Allegue "*Rique-*

*che*", José Temblás Paz –que fora membro do comité comarcal do P.C.E. de Lugo e responsable das guerrillas da *III Agrupación* ata 1946, ano no que pasou á *IV Agrupación*-, Juan Freire Barcia –de Cernadas-A Capela, incorporado á guerrilla, xunto co seu irmán José, en 1948-, Rogelio Alonso Carral –de Ferrol, que entrou na loita no ano 1947, da man de José Antonio Castro "*Tocho*", con quen contactou no castelo da Palma-, José Chao Rouco "*Benita*", natural de Lugo, foi primeiramente identificado como Juan Gabeiras Barro "*Picobello*", de A Capela, e Antonio López Arias "*Canín*". Cruzan unhas palabras con algúns dos familiares, que estaban a carón da palleira cocendo pan, e acto seguido mándanlles pasar ó interior da casa; eran en total dez persoas. Piden de cear e bótanse a durmir na cociña, enviando á familia para o piso de arriba. A noite transcorreu sen sobresaltos. Na mañá do domingo os fuxidos mandan baixar a familia e eles instálanse no piso alto. Ó longo do día sóbeselles a comida e un garrafón de viño. Algúns dos familiares saen ás leiras a traballar. A aparencia é de normalidade. Ninguén dos arredores percatárase da presenza dos guerrilleiros. En torno ás seis da tarde "*Riqueche*", o xefe da partida, pregúntalle ó dono da casa se ten os cartos. Ó non telos, "*Riqueche*" mándao por máis. Saen da casa o fillo e mailo xerno na procura do diñeiro. O primeiro diríxese a unha casa de Lameiro e o segundo, que fá ir a rectoral, situada nas Travesas, vai directamente ó cuartel da Garda Civil de Irixoa, onde dá o aviso do que está a suceder na casa. Inmediatamente mobilízanse cinco números, que chegan ó lugar entre as 19.30 e as 20 horas e toman posicións arredor da casa. Unha hora despois achégase outro grupo máis dende o lugar de Lamelas, composto de catro números. Na casa, os guerrilleiros estaban ceando, e daquela, "*Riqueche*" púxose a falar cos seus compañeiros das últimas accións levadas a cabo polo grupo en Alto Xestoso, en Monfero (queima dunha casa en Muros, destrozos nunha taberna do Vidueiro e axustizamento da farmacéutica e o seu marido no Xestal), e Vilarmaior (morte dun confidente en Dorofía). A conversación interrómpeuse ó oír ladrar ós cans. Os guerrilleiros danse conta de que algo está a pasar. Ó percatarse da situación collen as armas e empezan a disparar e a lanzar algunhas bombas de man, que non debían estar en bo estado ou ser de escasa potencia, posto que unha delas explota a menos de tres metros dun garda civil e non chega a ferilo.

Casa de Pazos.



Sobre as nove ou as dez da noite, "*Riqueche*" e outros tres -Juan Freire, José Chao Rouco e Antonio López- intentan facer unha saída pola porta traseira. Pero os gardas civís, a pesar de contar con tan escasos efectivos, xa completaran o cerco. Ó divisar a lanterna que portaba "*Riqueche*", un dos gardas que estaban agochados detrás do hórreo lle dispara, o guerrilleiro xira á esquerda e tira por un camiño estreito entre a casa e un valado de chantos, onde estaban apostados outros dous gardas civís. Estes disparan practicamente a queimarroupa, deixando morto ó guerrilleiro; despois recolleronselle dúas pistolas -unha do 9 corto e outra do 9 longo- e a munición, que levaba nunha correaxe. Os outros retroceden e volven entrar na casa.

De madrugada iníciase outro tiroteo Un dos sitiados lanza unha bomba de man ó exterior, pero explota no lintel da porta dianteira, atrancándoa. Aproveitando a confusión, José Chao, Antonio López e Juan Freire novamente intentan a fuga, pero o cerco é a cada hora máis estreito, toda vez que ás forzas que o compuñan inicialmente, incorpóranse os reforzos que, dende as once da noite, van chegando dende Ponte da Pedra e Graña-Xestoso. Nesta ocasión a fuxida será por unha das ventás do primeiro piso, aproveitando o estrume amontoado embaixo para amortiguar a caída. José Chao e Antonio López son acribillados alí mesmo, Juan consegue arrastrarse ata un prado cercano e alí acaban con el os mesmos gardas que mataran a "*Riqueche*".

Nas horas seguintes da noite, os guerrilleiros preparan na cociña algunhas bombas de man, utilizando para isto algunhas latas de conservas. O dono da casa mantén, entón, un curto diálogo con Rogelio e suposto o Juan, que eran os máis novos do grupo. Proponlles que se entreguen e que, a cambio, faría todo o posible por axudalos. Interrómpelles Temblás que os chama para que suban ó primeiro piso. Pouco despois colocan un explosivo na cociña.

Daquela víaselles moi nerviosos. Xunto á bomba poñen diñeiro, papeis, documentación e colocan a continuación unha mecha ata o piso alto, onden prenden lume. A mecha comeza a arder, pero D. Hermenegildo, que se atopaba na cociña, consegue apagala. Os papeis, nembargantes, xa se consumiran.

Na mañá do luns 31 de outubro, xa estaban no lugar o groso dos reforzos da Garda Civil, que proviñan de Betanzos, Ferrol e A Coruña, ó mando do tenente coronel Luque Arenas, da 140 comandancia da Coruña. Este, dende unha casa veciña, entabla diálogo cos cercados -co que fala e con Temblás, a quen se podía ver nunha das ventás parapetado tras un colchón- para pedir a rendición dos guerrilleiros e a liberdade dos reféns. Pouco despois, colócase un morteiro na escola próxima á casa, que non chegaría a utilizarse no transcurso da operación. En varias ocasións, o oficial repite a proposta co mesmo resultado negativo. Pasa o tempo e o tenente coronel dá aviso a algúns familiares dos guerrilleiros ("*Riqueche*", Juan Gabeiras e Juan Freire) co obxecto de venceran aqueles para que se rendesen. Pero cando cheguen será xa demasiado tarde.

*"Mandáronos a buscar a P. e mais a min. Ó chegar había varios cadáveres diante da ventá, entre eles o de "Riqueche". Coñecino polo pómulo, tiña un mais sainte*

*co outro. Houbo un policía de Pontedeume que me dixo: "¿crías que non o iamos coller nunca?, pois aí o tes", e lle deu dúas patadas ó corpo".*

*E.E.*

*"O tenente coronel mandoume que falase con eles dende a casa do lado. Eu identifíqueime, pero no me coñecían. Temblás era o que contestaba. O tenente tamen lles decía o tempo que lles quedaba para renderse. A última vez que falou Temblás dixo, dirixíndose a min: "dille o tenente coronel se responde dos paos". Despois, oíuse un tiroteo dentro da casa e rematou todo".*

*E.E.*

En torno as nove ou dez da mañá, saen da casa os reféns. O xefe das forzas da Garda Civil volve a pedirilles ós guerrilleiros que se rendan, pero non contesta ninguén e, pasados uns minutos, óense na casa unhas detonacións. Despois, o silencio. Unha hora despois, aproximadamente, os gardas civís mandan a un veciño entrar na casa para ver o que pasara. No primeiro piso atópase cos cadáveres de Temblás, sentado e cunha perna destrozada polos disparos e unha pistola na man; un disparo atravesáralle o queixo. Os outros dous –Juan Gabeiras e Rogelio Alonso- tiñan un tiro cada un na caluga. Probablemente fora Temblas quen os matara, coa intención de aforrarlles as torturas que lles esperaban, para, a continuación, suicidarse.

**Fosa común.**



Logo de facer un rexistro na casa e de recolle-las armas dos guerrilleiros –dous mosque-tóns, cinco pistolas e algunhas bombas<sup>21</sup>- os gardas chamaron a outro paisano para que trouxera un carro, onde se foron cargando os cadáveres que logon se levaron ó cemiterio de Monfero. Despois de apoialos nuns nichos e de facerlles unhas fotos, enterrarónos nunha fosa común. Segundo algunhas testemuñas, tres dos guerrilleiros ían uniformados cuns traxes de tea gris escura, que tiñan entrelazadas sobre o peito as bandeiras republicana e galega e unha estrela vermella entre elas. O gobernador civil, Rafael Hierro Martínez –que no 51 pasaría a ocupar a Dirección Xeral de Seguridade- achegouse ata o lugar "*felicitando a las fuerzas que tomaron parte en la operación (...)* por el magnífico espíritu que demostraron en la realización de tan importante servicio"<sup>22</sup>.

A versión oficial dos feitos difiere nalgúns aspectos das informacións achegadas polas nosas testemuñas. A morte de "*Riqueche*", segundo a Garda Civil, produciuse "*cuando un guardia civil le divisó en el resplandor que produjo en la noche cuando lanzaba una bomba de mano y le disparó*"<sup>23</sup>. En canto a Rogelio Alonso, Juan Freire e José Temblás, a nota oficial sinala que caeron no tiroteo coas forzas policiais. Outros detalles amosan tamén certas diferencias: por exemplo, o achado de abundante documentación ("*que permitirá, sin duda, llevar otros servicios encamina-dos a la liquidación total de los bandoleros*"<sup>24</sup>) non cadra coa suposta queima de tódolos papeis que levaban os guerrilleiros.

Entre os cadáveres identificados –nas actas de defunción recóllense as causas das mortes: en tódolos casos "*hemorragias internas y externas por disparos de armas de fuego*"- figuraban José Temblás, Adolfo Allegue, Antonio López, José Chao, Rogelio Alonso, Juan Freire e Juan Gabeiras. Pero, se non existen dúbidas sobre a presenza dos seis primeiros, mais problemática resulta a de Juan Gabeiras, nome que se confundira na documentación co de Juan Naveira. Na mañá do luns 31 os gardas civís foron buscar á Capela ós familiares de algúns dos guerrilleiros: Encarnación Gabeiras Barro –nai de Juan Gabeiras-, Rafael Freire –pai de Juan Freire- e Eliseo Seijo –irmán dun fuxido que marchara ó monte nas mesmas datas que Juan Freire- (os tres mozos eran veciños e amigos). Ó chegar a Pazos o grupo, tras unha dura camiñada dende A Capela, atravesando o río pola Ventureira e seguindo despois polas sendas que se internan na fraga, xa rematara todo. Descubriron os cadáveres no chan. Rafael Freire recoñeceu ó seu fillo Juan por unha cicatriz que tiña no ombreiro, Eliseo e Encarnación non viron entre eles ós seus familiares. Esta, ó chegar xunto ós cadáveres, exclamou: "*¡Dios mío, Dios mío, iste non é o meu fillo!*". A Garda Civil insiste en que un deles e Juan Gabeiras e a muller acaba por identificalo como tal. De feito, Rafael e Encarnación compran dous cadaleitos e enterran ós da Capela (Juan Freire e o suposto Juan

---

21. *Revista Oficial de La Guardia Civil*, diciembre de 1949.

22. *El Ideal Gallego*, A Coruña, 1 de novembro de 194

23. *Idem*.

24. *Idem*.



Gabeiras) separados dos outros, que acaban nunha fosa común. Outras fontes<sup>25</sup> dano por morto no Tellado-Fene. Ademais, Ramón García "*Manteiga*" –un enlace da guerrilla do Eume- vira a Juan pola fraga despois da caída de Pazos. Segundo versións da súa familia, Juan pasou ó monte en maio de 1949 ("aquela tarde rematou o traballo no campo, cambiouse de roupa e nolo volvimos ver"). Dous anos despois do de Pazos, con motivo da caída da base do Tellado-Fene, en xullo de 1951, volveron a chamar a Encarnación e a Rafael para identificar os cadáveres de dous guerrilleiros que morreran no incendio que a Garda Civil provocou no refuxio. Un deles era Manuel Bastida Franco "*Choni*", o outro é identificado por Encarnación como o seu fillo por unha medalla da Virxe das Neves. Nesta ocasión a muller dálle sepultura no cemiterio de Fene. ¿Cal é, entón, o sétimo guerrilleiro morto en Pazos?. González Vidal apunta a José Ramuñán Barreiro "*Ricardito*"<sup>26</sup>, compañeiro de "*Foucellas*" na V Agrupación ata a súa disolución en 1948<sup>27</sup>. Xunto con "*Foucellas*", uniuse ó destacamento Arturo Cortizas ese ano. "*Foucellas*" abandonara o grupo pouco antes da caída de Pazos, pero Ramuñán seguiu nel. Aquí pérdese o seu rastro. Algunhas fontes<sup>28</sup> cóidano paseado pola Garda Civil, pero non sería improbable que estivera en Pazos<sup>29</sup>.

Juan Gabeiras Barro.

*"Acórdome ben, era de noite e a lúa estaba chea. Iamos cara o salón de baile. De repente, escoita - mos uns estoupidos que pronto recoñecemos como disparos; eran ráfagos e tiros, viñan do alto; o vento estaba dese lado, do lado de Visura ou Pazos. E foi en Pazos onde ocorreu todo. "O Yankee" (Ernesto Montes Franco), que así se facía chamar o que viña connigo, quedou para - do e dixo: isto non che me gusta nada, voume pra casa, e así fixo, e non o volví ver ata tempo des - pois cando xa estaba morrendo co corpo moído a paos (...) "Riqueche" coñecía-lo e sabía das súas artes para amañar ferregachos, polo que contac - tou con el, e mais ou menos "o Yankee" inte -*



25. GONZÁLEZ VIDAL, F., *op. cit.* HEINE, H., *op. cit.* No primeiro aparece co nome de Juan Gabeiras Gabeiras e no segundo co de Juan Gabeira. O descoñecemento do segundo apelido vén dado pola confusión xenerada nas actas de defunción que recollen, nun caso (Rexistro Civil de Monfero) o nome de Juan Gabeiras N. –tal e como se inscriben os fillos naturais- e noutro (Rexistro Civil de Fene) o de Juan Gabeiras.

26. GONZÁLEZ VIDAL, F., *op. cit.*

27. Momento en que foi desbarborada a Agrupación, nunha emboscada da Garda Civil, preto do Pazo de Oca, morrendo case tódolos membros da mesma, a excepción de Foucellas e Ramuñán.

28. MÁIZ, B. *op. cit.*, PAZOS GÓMEZ, M., *A resistencia antifranquista na comarca de Ordes*, Obradoiro da Historia, Ordes, 1997.


29. Outro erro é o que atinxe ó nome de Antonio López Arias "*Canín*", que na lápida aparece co doutro guerrilleiro, Antonio López Jaspe, morto na Coruña en 1947. A confusión podería derivar do feito de que na acta de defunción só aparece o seu primeiro apelido.





REGISTRO CIVIL DE

Folio



N.º 1870700-700

ESPAÑA  
MINISTERIO DE JUSTICIA

REGISTROS CIVILES ACTA DE DEFUNCIÓN

Certificación Gratuita  
(Ley 29/1989, de 24/12)

NUM. S. G. 100  
100  
100  
100

En Manresa, provincia  
de La Cerdania, a las diez horas y  
veinte minutos del día diez  
de Noviembre de mil novecientos cuarenta y seis,  
ante Don Juan Pascual Rodríguez Colera Juez  
del Pa. y Don Juan Pascual  
Barrau Secretario prospectante, se  
procede a inscribir la defunción de Don Juan Pascual R.  
de veinte años, natural de  
Capella provincia de La Cerdania  
hijo de Don Juan Pascual y de Doña Juan Pascual, domiciliado  
en la finca número  
piso de profesión Labrador  
que nació el día de  
de mil y de estado soltero

falleció en desahogado el día veinte y seis de  
Octubre a las diez minutos, a  
consecuencia de hemorragia interna y extensa  
por heridas de armas de fuego  
según resulta de certificación facultativa y reconocimiento practicado, y su cadáver  
habrá de recibir sepultura en el Cementerio de la  
Comunidad

Esta inscripción se practica en virtud de la defunción de  
marital inscrito al efecto

*grouse no grupo, pero nunca andaba con eles en cuadrilla, tiñano aquí para arran - xarles as cousas, entre elas, unha emisora*<sup>30</sup>.

*"Correuse o rumor de que non mataran a todos os da casa; "o Yankee" colleu medo e escapou para o estranxeiro, pero collérono na fronteira francesa, pegáronlle varios tiros nas pernas e, de volta para Galicia, percorreu tódalas prisións do norte ata chegar a da Coruña, onde foi moído a paos. Soltárono e veu morrer a súa casa; eu vino na cama e tamen olleino cheo de cardenais e magulladuras".*

R.P.

## EPÍLOGO

As medidas tomadas por Sevil lograron que diminuíran as baixas entre os guerrilleiros durante o resto de 1949 e 1950. Aínda así producíronse perdas. A represión ía en aumento. Os refuxios do Eume son abandonados, entre eles, o posto de mando do Comité Rexional na cova de Xabaríz-Cabanas, en xullo de 1950. Pouco despois descubriuna a policía, atopando nela unha emisora, un arquivo e unha imprenta na que se imprimira o último número de *El Guerrillero*. En maio "*Moncho*" marchara para Francia, Sevil seguiuino poco despois.

En 1951 proseguíu a represión contra os guerrilleiros e militantes del P.C.. En xullo deste ano tivo lugar a caída do Partido, provocada pola detención de José Blanco Núñez "*Ferreirín*", secretario de organización, que facilitou información que serviu para desmantelar gran parte dos puntos de apoio, enlaces e bases da guerrilla. Nese ano, as forzas de seguridade cortan tódolos enlaces da bisbarra de Ferrol; un dos detidos foi Ramón García Martínez "*Manteiga*", de Eirins, principal responsable dos enlaces na zona do Eume. As operacións estiveron dirixidas polo tenente coronel Gil Lamela "*Demente*" e o comandante Lasén Carbón, dende o cuartel de operacións instalado en Pontedeume. Nos meses de marzal a xullo do 51 produciuse a desaparición total da guerrilla. Ante a falta de cartos, formulouse a necesidade de novos golpes económicos, pero isto incrementaba o risco de ser capturados. Chegou o momento no que, segundo Heine<sup>31</sup>, en algúns casos concretos, como consecuencia dos anos vividos como lobos, á marxe da sociedade, e seducidos polo poder que lles daba o posuír armas, convertéranse en simples bandoleiros. O 30 de agosto aconteceu, en O Puntal-Neda, a última traxedia para a guerrilla, sendo abatidos os últimos catro guerrilleiros da zona de Ferrol (Antonio Veiga "*Cacharrón*", José Antonio Castro "*Tocho*", José Sancho "*El Valenciano*" e José Freire Barcia –irmán de Juan), só sobrevivíu "*Pancho*"<sup>32</sup>.

Entre os sobreviventes atopábanse "*Foucellas*" que, despois do aniquilamento da Vª Agru-

30. Máiz menciona a existencia dunha emisora portátil coa que Pancho e Riqueche transmitían dende diversos puntos da zona. MÁIZ, B., *op. cit.*

31. HEINE, H., *op. cit.*

32. GONZÁLEZ VIDAL, F. *op. cit.*

*pación*, pasara a formar parte do destacamento Arturo Cortizas, abandonándoo pouco antes da traxedia de Pazos, outra proba do seu recoñecido bo olfato. En 1952 capturouno a Garda Civil nun lugar de Oza dos Ríos. En xullo de ese mesmo ano foi executado no cárcere da Coruña. O único guerrilleiro que quedou na zona foi "Pancho". Só e acurralado, ata 1953 adicouse sobre todo á elaboración e distribución de propaganda antifranquista<sup>33</sup>. Hai unha folla editada por el, no ano 1953, co debuxo de Castelao que leva por título "Os labregos", e que reza así: "*¡Non as requisas. Ni un patacon os cabros de Falanje. Non pages as tasas. O capitalismo esmaja a todos. Ergete e loita!*"<sup>34</sup>. Seguiu na loita ata que caeu nunha emboscada que lle preparou a Garda Civil en Ombre, o 31 de decembro de 1954.

Na extinción do movemento guerrilleiro coincidiron varios factores. En primeiro lugar, a intensificación da represión por parte dun réxime cada vez máis fortalecido. A presión policial, que se fixo máis patente dende mediados dos anos corenta, non só reduciu a capacidade operativa dos destacamentos, tamén debilitou as bases que lles servían de apoio, feito que esmoreceu moito máis á guerrilla que as propias baixas entre os combatentes. En segundo lugar, a evolución das relacións internacionais, rematada a II Guerra Mundial, favoreceu o recoñecemento do réxime franquista polas potencias occidentais, agora inmersas no conflito da guerra fría. Carentes do respaldo que ata entón supuña a condena ó goberno español –en 1950 a O.N.U. levanta a condena que lle fora imposta ó rexime en 1946–, os resistentes antifranquistas tampouco atoparan o apoio necesario por parte da oposición no exilio, volcada nas súas propias liortas. Outro factor a ter en conta foi a crecente subordinación da guerrilla á estratexia marcada polo P.C.E., que, ó ser o único partido que alentou a loita guerrilleira, logrou impoñer unhas liñas políticas –ás veces alleas á realidade política que estaba a vivi-lo país– que viñan dictadas dende Moscova. O control da guerrilla polo P.C.E. favoreceu o proceso de militarización en que se viu involucrada aquela dende 1946, e que transformou as pequenas e escorregadizas partidas en nutridos destacamentos de escasa mobilidade e sen vinculacións nas zonas onde operaban. Ó aumenta-las accións contra ó rexime, a guerrilla provocou tamén o incremento da represión por parte das autoridades, o cal levou á defeción dos enlaces e ó desmantelamento dos puntos de apoio. A adopción de novas estratexias para reprimi-lo fenómeno guerrilleiro: condonación de penas, indultos, delacións, cando xa se decidira no exterior o abandono da loita armada, completou o cerco ó que foi sometido o maquis nos anos finais da década dos 40.

---

33. MÁIZ, B., *Pancho*, Gran Enciclopedia Gallega, Gijón, 1971.

34. MÁIZ, B., Memoria catálogo das publicacións antifranquistas. Ed. do Castro, Sada, A Coruña, 1985.

## BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ, Santiago: *Memoria da guerrilla*, Vigo, 1991, Xerais.
- ASTRAYRIVAS, Manuel: *Síndrome del 36. La IV Agrupación del Ejército Guerrillero de Galicia*, Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1992.
- COSTA CLAVELL, Xavier: *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo*, Cambio 16, Madrid, 1976.
- HEINE, Harmunt: *A Guerrilla antifranquista en Galicia*, Ed. Xerais, Vigo, 1980.  
-, *La evolución política en Galicia (1939-1975)*, Ruedo Ibérico, París, 1976.
- FERNÁNDEZ, Carlos: *El alzamiento de 1936 en Galicia*, Edicións do castro, Sada, A Coruña, 1987.  
-, *La Guerra Civil en Galicia*, Biblioteca Gallega, La Voz de Galicia, A Coruña, 1988.
- FREIXANES, Víctor: "O Fresco". *Memoria dun fuxido*, Xerais, Vigo, 1979.
- GONZÁLEZ VIDAL, Francisco: *Paco Balón: Memorias de un comunista ferrolano*, Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1999.  
-, *Política y guerrilla en la comarca de Ferrol*, Ferrol Análisis, Club de Prensa de Ferrol, Ferrol, 1999.
- LAMELA GARCÍA, Luis V.: "Foucellas". *El riguroso relato de una lucha antifranquista (1936-1952)*, Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1993.
- MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo: *Guerrilla*, *Gran Enciclopedia Gallega*, Silverio Cañada editor, Gijón, 1974.  
-, *Martínez Leira "Pancho"*, *Gran Enciclopedia Gallega*, Silverio Cañada editor, Gijón, 1974.  
-, *Memoria catálogo das publicacións antifranquistas*, Ed. do Castro, Sada, A Coruña, 1985.  
-, *Galicia na Segunda República e baixo o Franquismo*, Xerais, Vigo, 1988.
- MUNILLA GÓMEZ, Eduardo: *Consecuencias de la lucha de la Guardia Civil contra el bandole - rismo en el período 1943-1952*, Revista de Estudios Históricos de la Guardia Civil, 1968.
- NEIRA VILAS, Xosé: *Guerilleiros*, Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1992.
- PAZOS GÓMEZ, M.: *A resistencia antifranquista na comarca de Ordes*, Obradoiro da Historia, Ordes, 1997.
- REIGOSA, Carlos G.: *Fuxidos de sona*, Xerais, Vigo, 1994.  
-, "Foucellas", *Gran Enciclopedia Gallega*, Silverio Cañada ditor, Gijón, 1974.
- RÍOS LAZCANO, Isabel: *Testimonio de la Guerra Civil*, Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1990.

SERRANO, Secundino: *Maquis, historia de la guerrilla antifranquista*. Ed. Temas de Hoy, Madrid, 2001.

SUARÉZ MARTÍNEZ, Xosé M.: *O alzamento do 36 no norte da Coruña*, Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1995.

VIDAL SALES, José Antonio: *Después del 39: la guerrilla antifranquista*, A.T.E., Barcelona, 1976.

-, *La guerrilla antifranquista*, Tiempo de Historia, nº 34, 1977.

**Agradecementos:**

Santiago R. González López, "Santi"  
Familia de Antonio Gabeiras Barro, Picobello (Goente-A Capela)  
Francisco Cobo Rodríguez  
Paco Canosa, xefe do arquivo de El Ideal Gallego  
Ana Vizoso Benavente  
Á xente de Monfero, A Capela e Cabanas,  
que non só é a protagonista deste artigo,  
senón tamén, e en gran parte, a súa autora.